

Fingoy, 8 maio 1966

Sr. Don Xosé María Álvarez Blázquez  
Oviedo

Meu querido amigo: Pois chegou afinal a túa carta aludida na de data 28, e tamén trai data do 28. Por ela entéirome dos teus traballos en preparación, todos de subidísimo interés, xa que darán un gandísimo pulo ao coñecimento das épocas escuras da nosa literatura. Primeiro, a colleita da poesía galega antre 1450 e 1850. Segundo, isas esculcas no campo dramático. Terceiro, a prosa política da primeira metade do XIX. Dou por descontado que publicarás o testo íntegro de "Os rogos dun gallego", que xa cicáis teñas conseguido, e que non deixarás de ver o manuscrito de Carré Aldao sobre a literatura en Galicia durante a Guerra da Independencia.

As consultas na Biblioteca da Universidade son hoxe imposibles, segundo resulta das xestións que pratiquéi. Como está en obras o edificio, os libros échanse arrombados e non son accesibles. Temos de agardar, pois, a que se reorganice a Biblioteca, segundo as noticias que outiven de don Salvador Parga.

Entremedias, sempre que haxa ocasión, oralmente ou por escrito, non deixaremos de intercambiar información.

Unha forte aperta.

